# Dimensión europea da Formación Profesional: formación, mobilidade e emprendemento
# Accións Erasmus + no eido da FP

galicia

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
*O FSE inviste no teu futuro*

XUNTA DE GALICIA

# Toda a información sobre a FP en Galicia




[http://www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

# Evolución do alumnado matriculado en Formación Profesional




Inclúese o alumnado de 1º de PCPI

# Situación do mercado laboral

- Fin do ciclo expansivo:
  - Desemprego
- Reformas na lexislación laboral:
  - Falta de estabilidade no posto de traballo

# Situación do mercado laboral

É previsible que o traballador teña que afrontar durante a súa vida, en múltiples ocasións, a procura dun posto de traballo

Polo tanto, é imprescindible a **formación continua** durante toda a vida laboral para a mellora da **empregabilidade**

# Mellorar a empregabilidade

- Empregabilidade dun traballador = **facilidade á hora de atopar un traballo** no mercado laboral
- Mellorar a empregabilidade dun traballador equivale a **aumentar o seu valor no mercado**, facilitándolle o acceso a futuros postos de traballo

# Mellorar a empregabilidade

- Oferta formativa
- Emprendemento
- Programas de mobilidade

# Erasmus plus: 2014-2020

Erasmus+

# Erasmus plus: 2014-2020

**Programas europeos. Erasmus +**

– Mobilidade transnacional para a aprendizaxe

– 5 millóns de persoas no período 2014-2020

– Comprende todos os niveis educativos

# Erasmus plus: 2014-2020

- Xuño 2010,  o Consello de Europa subscribiu E2020, estratexia de crecemento da U.E. para esta década
- Obxectivo:
  - axudar a Europa a recuperarse da crise
  - saír máis forte a través dunha estratexia coordinada e global para conseguir un crecemento intelixente, integrador e sostible.
- Obxectivos en materia de:
  - Emprego
  - Innovación
  - Integración social
  - Clima /Enerxía
  - **Educación**

# Erasmus plus: 2014-2020

Educación e formación como máxima prioridade

- Ningún obxectivo de E2020 se alcanzará sen un importante investimento en capital humano
- Lograr que un 15% de adultos (25-64 años) participe en programas de aprendizaxe ao longo da vida.
- Favorecer a mobilidade durante a aprendizaxe: 20% en Educación Superior e 6% en FP inicial.
- Favorecer a mobilidade e a aprendizaxe noutros países (5 millóns de persoas no período 2014-2020).
- Favorecer a cooperación para a mellora da calidade da educación e formación.

# Erasmus plus: 2014-2020

## CONSIDERACIÓNS

1. Todos os centros educativos e institucións que desexen participar no programa ERASMUS+ deberán rexistrarse no **Servizo de Rexistro Único (URF)** e se lle asignará o **PIC**
2. Preténdese unha maior difusión e uso do CV europass que vai incorporar o Pasaporte Europeo de Competencias(PEC)
3. Preténdese sistematizar a emisión de "Suplementos ao título"

# Erasmus plus: 2014-2020

4. Xa non hai Convocatoria nacional senón de Bruxelas, porque non hai prioridades nacionais
5. Nova páxina do OAPEE
6. As novas cartas ECHE 2014-2020 diminúen un 10% en España pero aumentan un 23,18% en Galicia
7. A participación de centros de FP en Galicia é do 43,13%

# Erasmus plus: 2014-2020

## Existente — Un programa integrado

| PAP | | Erasmus + | |
|---|---|---|---|
| • Comenius<br>• Grundtvig<br>• Erasmus<br>• Leonardo | Acción clave 1 (KA1)<br>Mobilidade para a aprendizaxe | Acción clave 2(KA2)<br>Cooperación | Acción clave 3(KA3)<br>Reforma das políticas |

# Erasmus plus: 2014-2020




**mobilidade de profesorado**

**estudantes de educación superior e FP**

# Erasmus plus: 2014-2020

- **Enfoque institucional**
- Enfoque na **calidade** e o **recoñecemento** da mobilidade
- Apoio á mobilidade do **persoal** en todos os campos
- **Cooperación intersectorial** nos campos da educación, a formación e a xuventude
- Apoio e avaliación sistemáticos para a aprendizaxe de **idiomas**
- Avaliación antes e despois da mobilidade
- Formación en liña para as linguas máis faladas: EN, FR, DE, ES, IT

# Erasmus plus: 2014-2020

A Comisión Europea ten como obxectivo **aproximar a educación ao entorno laboral**, mellorando a calidade das competencias profesionais e aumentando as mobilidades de alumnado e profesorado

Trátanse de **reforzar** especialmente :

1.as competencias básicas

2.as competencias emprendedoras

3.as competencias técnicas

4.as competencias informáticas

5.as competencias en idiomas

# Erasmus plus: 2014-2020

- **Acciones clave 1 (KA1): Mobilidade para a aprendizaxe**

A. Enfoque sempre institucional. Supón que un único proxecto que se presente debe comprender, se así interesa aos centros:

- mobilidade de alumnos en prácticas(FCT)
- mobilidade de alumnos recién titulados(no ano seguinte á finalización dos seus estudos)
- mobilidade do profesorado( a empresas doutros países, centros educativos…)

# Erasmus plus: 2014-2020

B. Cada institución só pode presentar UN PROXECTO dentro de cada modalidade de mobilidade, pero pode ser SOCIO noutros proxectos
Tamén en proxectos Leonardo, cando varios centros educativos se asocian se crea **UN CONSORCIO**,con tres ou máis organizacións, e un dos centros actuará como coordinador.No noso caso, a coordinación se levará desde a Dirección Xeral, no proxecto que afecta aos 19 CIFP e 17 IES

# Erasmus plus: 2014-2020

C. **Antes** se financiaba a formación lingüística. **Agora** vaise dar unha formación lingüística on-line, obrigatoria para as mobilidades de duración igual ou superior a 1 mes, para cinco idiomas: inglés, francés, italiano, alemán e español.

As licencias para usar a plataforma creada pola CE se tramitarán a través da Axencia Nacional. Para formación no resto dos idiomas se poderá utilizar o diñeiro que se concede para "**organización**"

# Erasmus plus: 2014-2020

A Comisión Europea ten un gran interese en comprobar a **mellora en competencias lingüísticas** e fará unha **proba de nivel** antes da mobilidade e outra proba despois da mobilidade.

É SÓ PARA DATOS ESTATÍSTICOS, non é para dar nota nin como criterio de selección. Aplicarase a profesorado e alumnado participante no proxecto, independentemente dos certificados de linguas que se podan ter.

# Erasmus plus: 2014-2020

D. A **duración dos proxectos**:

- en FP de grado superior de 16 a 24 meses
- en FP de grado medio de 12 o 24 meses

A **duración das mobilidades**:

a) en Educación superior: límite de 12 meses por ciclo de estudos, que sume formación e práctica

b) en FP de grao medio: de 2 semanas a 12 meses

c) para mobilidade de persoal, para actualizar coñecementos e procesos e para docencia: de 2 días a 2 meses. Pode ser en empresas ou centros formativos

# Erasmus plus: 2014-2020

E. Desaparecen os **“profesores acompañantes”**, salvo para estudantes con nee, menores de idade e persoas en risco de exclusión social, que terán partida orzamentaria no proxecto. O resto de “acompañantes” terán que pagarse, no seu caso, cos fondos de “organización” Para **“organización da mobilidade”** se pagará 350 € por alumno ata un máximo de 100; e 200 € por cada alumno ou participante a maiores, no mesmo proxecto.

# Erasmus plus: 2014-2020

F. Faise especial fincapé nos seguintes puntos:

- difusión dos proxectos na comunidade educativa, entre o alumnado e na sociedade en xeral
- calidade nos procesos e actuacións
- claridade nos resultados que se queren alcanzar e cuantificación
- medirase a mellora en competencias lingüísticas

# Erasmus plus: 2014-2020

- Aparece como “novidade” a **Carta de mobilidade FP (Vocational Education and Training Mobility Charter 2015-2020)**, que asegurará un financiamento estable ano tras ano, con perspectivas de crecemento.
- Concédese á institución, non ao proxecto Convocatoria: 5 de maio de 2014.Data límite de envío de solicitudes: 22 de setembro de 2014, ás 12:00 horas. Resultados en decembro de 2014
- Poderase utilizar desde a convocatoria de 2015

# Erasmus plus: 2014-2020

Entre os seus obxectivos están a mellora da calidade das mobilidades e o apoio á internacionalización das organizacións de Formación Profesional.Trata de simplificar os procedementos para obter financiamento para os proxectos.

En España é necesario ter xestionados con informe de avaliación final positivo como **mínimo 4 IVT e /ou VETPRO proxectos de mobilidade dentro do programa LLP (Lifelong Learning Programme)**

# Erasmus plus: 2014-2020

## Plan de Desenvolvemento Escolar

- **Necesidades** da institución en termos de mellora da calidade e da súa internacionalización:
  - xestión e organización, competencias do persoal educativo, materiais ou ferramentas de ensinanza, competencias lingüísticas, desenvolvemento curricular, dimensión europea, etc..
- **Plan de actividades** para acometer as necesidades
- **Impacto esperado** e integración dos resultados
- **Uso de eTwinning** no proxecto de mobilidade
- Debe recollerse no **proxecto do centro**

# Erasmus plus: 2014-2020

- Solicitude en liña única para todos
- Proxectos de mobilidade a un ou dous anos
- Plantexamento realista
- Non hai que identificar ao persoal que vai  moverse a priori
- Hai que identificar os tipos de formación, institucións de acollida, países etc. en consonancia coas necesidades, os obxectivos do proxecto e o SDP
- Hai que respectar os criterios de selección do profesorado segundo as orientacións da guía do programa

# Erasmus plus: 2014-2020

Contribución aos gastos de viaxe de estudantes e persoal baseada na distancia entre o seu lugar de traballo e o lugar no que se desenvolve a actividade correspondente, segundo lo que se indica a continuación:

| Distancias de viaje | Cantidad |
|---|---|
| Entre 100 y 499 km: | 180 € por participante |
| Entre 500 y 1999 km: | 275 € por participante |
| Entre 2000 y 2999 km: | 360 € por participante |
| Entre 3000 y 3999 km: | 530 € por participante |
| Entre 4000 y 7999 km: | 820 € por participante |
| Entre 8000 y 19999 km: | 1100 € por participante |

# Erasmus plus: 2014-2020

## Mobilidade do persoal: Axuda para gastos de subsistencia

| Países de destino | Min-Max ( € al día) | Cantidad propuesta desde OAPEE (€ al día) | Media de la dieta entera (alojamiento y manutención) del RD 462/2002, de 24 de mayo, sobre indemnizaciones por razón del servicio (grupo 2) |
|---|---|---|---|
| Grupo A – Dinamarca, Irlanda, Holanda, Suecia, Reino Unido | 80-160 | 120 | 196,41 |
| Grupo B - Austria, Bélgica, Bulgaria, Chipre, República Checa, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Polonia, Rumanía, Suiza, Turquía | 70-140 | 105 | 165,16 |
| Grupo C – Antigua República Yugoslava de Macedonia, Alemania, Letonia, Malta, Portugal, Eslovaquia, España | 60-120 | 90 | 132,67 |
| Grupo D - Croacia, Estonia, Lituania, Eslovenia | 50-100 | 75 | 122,61 |

# Erasmus plus: 2014-2020

Organización (estudiantes y personal)

| **Número de participantes** | **Cantidad** |
| --- | --- |
| De 1 a 100 | 350 € por participante |
| Desde el participante 101 en adelante | 200 € por participante |

Ver Táboa do OAPEE para manutención e estancia

# Erasmus plus: 2014-2020

## Criterios de selección

- Relevancia da proposta respecto ás necesidades da institución e dos participantes. Relevancia do proxecto respecto aos obxectivos da acción. Calidade do Plan de Desenvolvemento Escolar
- Impacto: Capacidade de producir. Resultados de calidade para os participantes (institucións de envío y acollida) formación. Impacto noutras organizacións a nivel local, rexional, nacional…
- Capacidade de reforzar e proxectar a dimensión internacional das institucións participantes
- Claridade, calidade de todas as fases do proxecto: preparación, desenvolvemento de actividades e seguimento. Consistencia entre obxectivos e actividades
- Adecuación das medidas para seleccionar aos participantes. Calidade das medidas prácticas de xestión e apoio

# Erasmus plus: 2014-2020

- Calidade das medidas de recoñecemento e validación dos resultados da formación.
- Adecuación e calidade das medidas para a difusión dos resultados dentro e fóra da institución.
- Proceso transparente e xusto
- Reclutamento: Anunciar e ofrecer posibilidades a varios potenciais candidatos
- Selección: Definir o proceso, establecer criterios (xerais e específicos), crear un comité de selección
- Gardar un rexistro documental do proceso

# Erasmus plus: 2014-2020

- Oportunidades

    - Maior impacto nos centros educativos, transferibilidade e sostenibilidade
    - Pensamento e planificación estratéxicos
    - Maior foco na institución, papel dos directores máis relevante
- Retos

    - Enfoque de abaixo a arriba: profesorado motivado vs director hostil
    - Risco de financiamento dos mesmos beneficiarios
    - Brecha entre os centros experimentados e os novos
    - As axencias non terán control sobre os cursos de formación

# Erasmus plus: 2014-2020




Asociacións para a cooperación entre Institucións

Asociaciones educación superior e de FP e empresas

**Maior papel das plataformas TIC eTwinning se extende a FP e outros**

# Erasmus plus: 2014-2020

## Cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas (KA2)

- Asociacións Estratéxicas entre organizacións educativas ou xuvenís e outros actores relevantes.
- Asociacións a gran escala entre institucións do ámbito da educación e formación e empresas: Alianzas para o Coñecemento e Alianzas para as Competencias Sectoriais.
- Cooperación con Países Socios (Reforzo das capacidades).
- Plataformas informáticas (EYP, e-Twinning, EPALE).

# Erasmus plus: 2014-2020

## Acción clave 2. Cooperación para a Innovación e as Boas Prácticas

### Asociacións estratéxicas

- Promoverán a cooperación transnacional entre institucións
- Promoverán actividades de mobilidade e aumentarán o impacto sistémico
- Promoverán a cooperación inter-sectorial: educación superior, educación e formación profesional, educación de persoas adultas, xuventude
- Abordarán obxectivos da política europea, retos e necesidades nun campo específico / ou varios
- Mellorarán a cooperación coas empresas mediante proxectos transnacionales a gran escala (promoción da innovación e empregabilidade).

# Erasmus plus: 2014-2020

Poderán realizar actividades que teñan como obxectivo:

- Prácticas innovadoras (métodos, ferramentas, plans de estudo, cursos de formación, uso das TIC, recursos educativos abertos, investigacións)
- Cooperación entre diferentes actores (sector público, mundo do traballo, sociedade civil)
- Creación de redes, intercambio de experiencias e boas prácticas
- Validación de competencias utilizando os marcos de referencia da UE
- Cidadanía activa e creación de novas empresas sociais
- Etc

# Erasmus plus: 2014-2020

Estrutura e solicitantes

•3 institucións de 3 países do programa (excepcións en educación e xuventude nas que poderá haber bilaterais)

•Solicitante: calquera institución dun país do programa

•Poden participar institucións de países socios so como “socios” (non solicitantes) e so se aportan un valor engadido ao proxecto

•Duración: 2 ó 3 anos (se selecciona na solicitude en coherencia cos obxectivos e as actividades)

# Programas de mobilidade

**A Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa** presentou recentemente os seguintes proxectos:

•Leonardo da Vinci “Europa.Next Station”2012: con 51 mobilidades de alumnado de 17 CIFP de Galicia

•Leonardo da Vinci “Europa.Next Station”2013: estase desenvolvendo con 100 mobilidades de alumnado dos 19 CIFP de Galicia

# Programas de mobilidade

Novos proxectos presentados na convocatoria Erasmus + 2014:

- Proxecto Leonardo" Europa.Next Station: Vocational Training Network" na KA1, con máis de 300 mobilidades de alumnado de ciclos de grao medio e 50 de profesorado, en 19 CIFP e 18 IES
- "EDU KICK OFF 2020" na KA2, en materia de emprendemento con socios de Italia, Francia, Alemaña e Finlandia

Ademais somos socios en proxectos de KA2 con Italia e unha Asociación téxtil

# Erasmus plus: 2014-2020

Mª Teresa Moya Fernández

Asesora de emprendemento e programas europeos FP

fpplus@edu.xunta.es

+34 981546564

# Grazas
# pola súa atención

Dirección Xeral de Educación.

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
*O FSE inviste no teu futuro*

XUNTA
DE GALICIA

galicia